

ONDE PODO ACUDIR?

Teléfono da muller

Servizo gratuíto de atención psicolóxica, social e xurídica, que funciona as **24 horas do día** os **365 días do ano** e non queda rexistrado na factura.



Podes remitir as túas dúbidas ou suxestións nesta materia a:

Plan.Igualdade
@sergas.es



PLAN IGUALDADE
DE OPORTUNIDADES
ENTRE MULLERES E HOMES
NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

900
400
273

Ámbito
Galicia

016

Ámbito
estatal

900
116
016

Discapacidade
auditiva

600
000
016

Liña
Whatsapp



Centros de Saúde e Hospitais do Servizo Galego de Saúde

Con persoal profesional sanitario e traballadores/as sociais, quen che axudarán e asesorarán. ("Ao teu lado-NON á violencia de xénero")



Centros de Información á Muller (CIM)

Atención e asesoramento xurídico e psicolóxico, así como información sobre recursos específicos para mulleres.



Asesoramento xurídico on-line

Servizo gratuíto para asesorar xuridicamente e informar sobre diversas cuestións, incluídas a violencia de xénero, agresións, abusos e acoso sexual.



Atención psicolóxica ás vítimas de violencia de xénero

Servizo especializado gratuíto e anónimo as 24 horas para a atención tanto da muller como das persoas dependentes dela.



Servizo Telefónico de Atención e Protección para vítimas da violencia de xénero (ATENPRO)

Se non convives co teu maltratador, podes solicitar este servizo de atención inmediata, as 24 horas do día, os 365 días do ano e sexa cal for o lugar en que te atopas.

As mulleres son un dos principais valores do sistema sanitario público de Galicia, e representan o **77%** do persoal do Servizo Galego de Saúde.

A violencia contra as mulleres é unha realidade na nosa sociedade, e a súa manifestación máis brutal da **desigualdade** existente entre mulleres e homes.

Consideramos que a **prevención e protección** das mulleres vítimas da violencia machista debe ser unha **responsabilidade compartida** e por iso, no **Plan de Igualdade** entre mulleres e homes da organización, inclúese unha **liña de acción** específica.

Este documento pretende **reflexionar** o noso **compromiso e implicación** con todas aquelas mulleres traballadoras do Sergas que se atopan nunha situación de **violencia de xénero**.

#haisaida #dinonxtodas

Humanizando desde dentro
o Servizo Galego de Saúde



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE

Xacobeo 21-22



XUNTA
DE GALICIA

O Servizo Galego de Saúde coas súas traballadoras en situación de violencia de xénero



QUE É A VIOLENCIA DE XÉNERO?

Trátase dunha **violencia dirixida contra as mulleres** polo feito de nacer e ser muller. Esta violencia prodúcese en **todos os países, culturas, clases sociais e niveis culturais**, e pode ser:

- 1 Física**
Uso deliberado da forza (labazadas, empurróns, golpes, feridas, etc.).
- 2 Psicolóxica**
Conduta prolongada no tempo que atenta contra a súa integridade psíquica e emocional e contra a súa dignidade (insultos, vexacións, ameazas contra ela ou contra os seus seres queridos, etc.).
- 3 Sexual**
Imposición dun comportamento sexual contra a súa vontade (violacións, agresións, abusos ou acoso de tipo sexual).
- 4 Social**
Limitación dos seus contactos sociais, afastándoa da súa familia e amizades, illándoa, etc.
- 5 Vicaria**
Calquera forma de violencia exercida sobre as súas fillas ou fillos, ou sobre calquera outra persoa estreitamente unida a ela, para causarlle maior dano psicolóxico.
- 6 Dixital**
Acto ou conduta cometido, instigado ou agravado polo uso da internet, redes sociais, mensaxaría, correo electrónico ou servizos de xeolocalización para discriminala, humillala, chantaxeala, acosala ou exercer dominio sobre ela.



CALES SON OS MEUS DEREITOS LABORAIS?

- 1 Redución da xornada** con diminución proporcional da retribución ou a **reordenación do tempo de traballo**, a través da adaptación do horario.
- 2 Convenio especial coa Seguridade Social que subscribe a propia traballadora** vítima de violencia de xénero que reduce a súa xornada laboral con diminución proporcional do salario para efectos de cotización.
- 3 Permisos por razón de violencia de xénero**, considéranse xustificadas estas faltas de asistencia, totais ou parciais.
- 4 Excedencia por razón de violencia de xénero** durante 6 meses con reserva de praza, computable para todos os efectos, sen tempo mínimo de servizos previos e sen un prazo exixible de permanencia nela. Durante os 3 primeiros meses, percibirás as retribucións íntegras. Cando as accións xudiciais o exixan, podes prorrogar este período por prazos de 3 meses, ata 18 meses.

- 5 Mobilidade xeográfica** por razón de violencia de xénero, mediante unha comisión de servizos como medida de protección.

A solicitude deberás presentala ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, como único interlocutor dentro da organización.

Durante o tempo que dure a comisión terás dereito á reserva da túa praza de orixe.

Protexerase a intimidade das mulleres en situación de violencia de xénero, en especial os seus datos persoais, os dos seus descendentes e os de calquera persoa que estea baixo a súa garda ou/e custodia.

Para resolver calquera dúbida sobre os teus dereitos laborais, podes poñerte en contacto coa

Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde (Tel.: 881 542 800) ou co Servizo de RRHH do teu centro.



PROCEDIMENTO E MODELO DE SOLICITUDE



CALES SON OS MEUS DEREITOS ECONÓMICOS?

AXUDAS A NIVEL ESTATAL

- » Prioridade no acceso a vivendas protexidas e residencias públicas para maiores.
- » Dereito a bolsas e axudas aos estudos.
- » Anticipos por falta de pagamento de pensións alimenticias.
- » Dereito á escolarización inmediata.
- » Dereito á pensión de viuvez. Nos supostos de separación, divorcio ou nulidade matrimonial cando acredites os requisitos exixidos, aínda que non sexas acreedora da pensión compensatoria.

AXUDAS NO ÁMBITO DE GALICIA

A Xunta de Galicia convoca periodicamente axudas económicas individuais, entre outras:

- » Subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica (gastos de desprazamento, mudanza, aloxamento e atención a menores e dependentes).
- » Axudas de indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento.



AXUDAS NO ÁMBITO DE GALICIA

OUTROS DEREITOS DE INTERESE

Dereito á atención sanitaria e psicolóxica preferente no Servizo Galego de Saúde

Dereito a formular denuncia

Tras a presentación da denuncia e a súa remisión á autoridade xudicial, se esta entende que existen indicios de que se cometeu un feito delituoso, iniciará as correspondentes actuacións penais.

Dereito a solicitar unha orde de protección

A orde de protección é unha resolución xudicial ditada nos casos en que se aprecia a existencia dunha situación obxectiva de risco para a vítima, que require a adopción de medidas de protección durante a tramitación do proceso penal.



INFORMACIÓN SOBRE A SOLICITUDE DE PROTECCIÓN

MÁIS INFORMACIÓN DE INTERESE



Web de recursos de apoio e prevención ante casos de violencia de xénero (WRAP)
localización sobre mapas activos dos recursos máis próximos.



Guía “Redes cubrindo Galicia” da rede galega de apoio
con recursos de atención psicolóxica, social, xurídica, económica, laboral, etc.



Guía dos dereitos das mulleres vítimas de violencia elaborada polo Ministerio de Igualdade



Videotitorías do proxecto “Máis que capaz”
da Fundación ONCE que abordan distintos temas relacionados coa violencia de xénero para previla e facilitar ferramentas para identificala.



App “EscApp” da Xunta de Galicia
gratuíta para o móbil con información útil en violencia de xénero.



App “Agresión OFF” da Xunta de Galicia
gratuíta para o móbil con información útil sobre agresións sexuais.




App “ALERTCOPS” do Ministerio do Interior
gratuíta para o móbil que permite o envío á Policía e Garda Civil de alertas específicas de violencia de xénero e agresión sexual, entre outras.



Web do Ministerio de Igualdade
con distinta información sobre violencia de xénero.



Web da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia
con información sobre violencia de xénero.



ESPAZO PARA PROFESIONAIS: LIGAZÓNS DE INTERESE



Actividades autoformativas en ACIS dirixidas a profesionais
» Básico en Igualdade de oportunidades e contra a violencia de xénero.
» Básico en Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (modalidade Lectura Fácil)
» A violencia contra as mulleres; como detectala e pautas de actuación desde o Servizo Galego de Saúde.



Vídeos para axudar os/as profesionais ante a consulta de mulleres en situación de violencia de xénero.
» Estes vídeos analizan diferentes situacións, como a muller que non recoñece vivir unha situación de violencia de xénero, que a recoñece pero non quere denunciar ou a xustifica, etc.



Guías e procedementos de actuación no Sergas.
» Procedemento de intervención en saúde
» Violencia de xénero: procedemento de cribado e actuación en saúde.
» Protocolo común para a actuación sanitaria ante a violencia de xénero.



Máis información de interese do Sergas
» Información do Servizo Galego de Saúde.